



Estrutura da Consellaría

Desde a CIG-Ensino preguntámoslle a **Judith Fernández**, nova directora xeral de ordenación e innovación educativa da Consellaría de Educación, como vai quedar o novo organigrama da Consellaría.

Ao redor desta reestruturación entendemos que os seguintes temas son da súa responsabilidade:

- 📍 **Instrucións comezo de curso**, o mércores pasado quedou patente o descontento do profesorado galego, deixando claro que está farto dunha Consellaría que toma decisións unilaterais e, incluso algunhas, ilegais, de cara ao comezo de curso, mantén os borradores das instrucións de comezo de curso ditadas polo seu predecesor nas responsabilidades ou está en condicións de anunciar que as retira para negociarlas, comezando con eliminar os claustros de adscrición de horarios en xullo cando non está nomeado todo o profesorado que vai cursar no 2022/2023? **Van darlle unha volta as instrucións, sobre todo en canto ao claustro de elección de horarios.**
- 📍 **Regulamentos Orgánicos de Centros:** estamos canso de oír que están traballando neles, cando imos ter borradores e cando imos comezar a súa negociación.

- 📍 **Catálogo de postos de traballo:** esperamos que como nova directora xeral non siga a mala costume dos seus predecesores e modifique o catálogo de postos de traballo sen convocar para a súa negociación á representación do persoal docente.
- 📍 Vaise poñer a traballar a súa dirección xeral nunha verdadeira **rede de orientación escolar** ou seguirá sendo unha rede fantasma anunciada e inexistente desde 2008, aumentarase a dotación e número dos equipos de orientación específicos?
- 📍 Vanse negociar e convocar a **orde de reintegro de gastos individuais** que regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario e que leva sen convocarse desde o 2019?
- 📍 Vai convocar a **Comisión Xeral de Seguimento** das actividades previstas nos distintos convenios de formación subscritos entre a Consellaría e as organizacións que nos dedicamos, entre outras cousas, á formación do profesorado, tal e como indica a orde de formación (14/05/2013) no seu artigo 19. Rexistramos unha petición de



mudemos o rumbo

REFORCEMOS O PROFESORADO



convocatoria, o 15 de maio, da que non recibimos resposta.

🗣️ **Que é dos decretos de creación do CIEDIX e CIFPG?** Vanse negociar as súas ordes ou seguiremos esperando polos decretos? Se está previsto que comecen a traballar para o próximo curso como se van cubrir as súas prazas? O CADP xa está aí e nos entendemos que xa non hai tempo para máis Comisións? Non aceptaremos nomeamentos a dedo. **O CIFPG non comeza para o curso que vén dado o atraso nas obras do edificio.**

🗣️ **Que vai pasar co persoal do CAFI, CFRs, asesorías...** que non acepten a prórroga? Como xa dixemos no caso anterior non queremos nomeamentos a dedo. Aproveitamos para solicitar por enésima vez un listado do persoal prorrogado e das vacantes.

Estes dous últimos casos deixan ben ás claras a desorganización dunha Consellaría á que para variar o novo curso a colle coas tarefas sen facer, e neste caso sen ter un ministerio ao que botarlle a culpa.

A CIG-Ensino demanda a recuperación das licenzas por estudos, comezando polo profesorado técnico de FP

O sindicato considera de xustiza que esta modalidade de licenzas para cursar estudos, á que debería poder optar de novo todo o profesorado, debe comezar canto antes para o profesorado técnico de FP. Coa extinción do corpo de PTFP vai haber profesorado que non se vai poder integrar por carecer de titulación universitaria. Aínda que o Ministerio non tivo en conta a nosa demanda de que a integración puidese facerse con carácter

indefinido, cando menos conseguimos un prazo até xaneiro de 2026 para poder integrarse, sempre e cando se acade unha titulación universitaria de grao.

Tendo isto en conta, a CIG-Ensino propón o seguinte:

- que a Consellaría incorpore na orde de licenzas a modalidade de licenzas por estudos retribuídas para o profesorado do corpo a extinguir de PTFP que non teña titulación universitaria e que así poida realizar cando menos unha parte dos estudos conducentes á titulación requirida para o ingreso no corpo de PES. Esta modalidade podería pedirse con carácter anual (nunha única licenza) ou acomodándose á propia organización cuatrimestral dos cursos universitarios (neste caso poderían ser dúas licenzas).
- até o curso 2024/2025 tería prioridade nesta modalidade o profesorado técnico de FP que non se integre no corpo de PES, xa que o prazo límite para poder facelo remata en xaneiro de 2026.
- que a modalidade de licenzas por estudo se estenda a todo o profesorado, recuperando as licenzas por estudos que a Consellaría eliminou hai uns anos.
- que a modalidade de licenzas por estudos sen retribuír tamén se incorpore, como existía con anterioridade.

Se a Consellaría non acepta a nosa solicitude neste momento, para poder dar trámite á convocatoria inicialmente prevista canto antes, a CIG-Ensino propón unha

convocatoria específica, previa negociación na Mesa, para os primeiros días de setembro, podendo deste xeito dar tempo ao profesorado interesado a optar á licenza e matricularse en prazo.

Non teríamos inconveniente en que a Consellaría procedese nestas semanas a unha consulta entre todo o profesorado do corpo de PTFP sen titulación universitaria para coñecer o interese en poder optar a estas licenzas nos próximos cursos e, en función da existencia de demanda.

O profesorado alza a voz farto das decisións unilaterais da Consellaría para o curso que vén

Os centros docentes galegos secundaron a iniciativa da CIG-Ensino mobilizándose durante os recreos cansos das desconsideracións da administración dirixida por Román Rodríguez, que de forma unilateral toma decisións ás costas da comunidade educativa, levantaron a voz para ser escoitados e evitar que as medidas e actuación da Consellaría do goberno de Alfonso Rueda segan prexudicando o ensino público.

A falta de respecto polo colectivo docente agravouse coas últimas decisións para este fin de curso e lonxe de avistar melloras de cara ao comezo do vindeiro parece que se insiste en castigar máis os intereses da educación pública en xeral e da nosa profesión en particular.

Soamente hai que ver cales son os últimos pasos da Consellaría para entender os motivos polos que as e os docentes se ven prexudicados e pola que o profesorado protestou durante o recreo:

- 👤 Incremento do calendario escolar por riba dos 175 días que a Lei estatal impón.
- 👤 Desconsideración das mestras e mestres de Infantil, restrinxindo o período de adaptación, até anulalo na práctica, sen ter en conta a decisión profesional.
- 👤 Incremento da burocracia, absolutamente disparada hoxe e que aínda irá a máis no curso 2022/23, coas medidas impostas polos burócratas do Goberno do Partido Popular.
- 👤 Imposicións das instrucións do próximo curso escolar, promovendo medidas irrespectuosas co conxunto de integrantes dos claustros, como a elección de grupos en secundaria no mes de xullo sen a presenza de todo o profesorado afectado.
- 👤 Negativa da Consellaría a negociar uns horarios lectivos xustos e que nos permitan recuperar os nosos dereitos (18 e 21 horas lectivas en infantil e primaria e secundaria respectivamente).
- 👤 Tamén solicitaron:
- 👤 Mellora das condicións nas que desempeñamos o noso traballo, reducindo ratios e mellorando a atención á diversidade.
- 👤 Incremento dos cadros docentes, para poder afrontar os retos dunha educación pública de calidade.

Escoitou a Consellaría de Educación o clamor do profesorado galego e vai comezar a negociar ou teremos que seguir mobilizándonos?

A administración di que valorará as nosas peticións para despois darnos resposta.



mudemos o rumbo

REFORCEMOS O PROFESORADO



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago
☎ 981 57 68 00
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina 90
15007 A Coruña
☎ 981 169 810
acorunha@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal